IES PEDREGAL DE IRIMIA

departamento de Música

PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS 2019/2020

ADDENDA do 11 de maio do 2020

1. XUSTIFICACIÓN E BASE NORMATIVA

Esta addenda ten a seguinte norma como fundamento legal:

- INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A situación de crise sanitaria na que nos atopamos fundamentou medidas das administracións que impiden o normal desenvolvemento da actividade educativa nos centros dende o día 13 de marzo. Dende entón realízanse actividades a distancia -a través da Aula Virtual do centro- encamiñadas a manter, na medida do posible, os procesos de ensino-aprendizaxe. Para poder desenvolver o traballo da 3ª avaliación e pechar o curso académico con seguridade xurídica cómpre realizar cambios en varios puntos das programacións didácticas deste curso 2019/2020, que se detallan nesta segunda addenda ás mesmas.

Enténdese que segue vixente todo elemento da programación aprobada polo departamento o 24 de setembro do 2019 e da addenda do 31 de marzo do 2020 que non se altere expresamente neste segundo engadido. As posibles desviacións respecto do programado por causas alleas á excepcional que motiva esta addenda tampouco serán reflectidas aquí, toda vez que existen documentos coma as actas do departamento ou a memoria final que de xeito ordinario recollen este tipo de incidencias.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

En tódolos cursos nos que se imparte a materia de Música (1º, 2º, 3º, e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria) modifícanse os estándares e competencias tal e como recolle o Anexo I a esta addenda. Esta modificación conleva cambios tamén nos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de logro, que tamén son detallados no devandito anexo, xunto cos temas transversais e os instrumentos de avaliación.

Estes últimos e os procedementos de avaliación serán obxecto do seguinte apartado.

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
3.1. Procedementos e instrumentos de avaliación	
PROCEDEMENTOS	**INSTRUMENTOS**
TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE UNHA TEMÁTICA PROPOSTA POLO PROFESORADO	- TRABALLO ESCRITO: Os traballos solicitados a través da Aula Virtual, que exclusivamente repasarán ou ampliarán as aprendizaxes abordadas nas 2 primeiras avaliacións, serán valorados de 1 a 10 sempre que sexan completados polo/a alumno/a no prazo establecido. Os traballos con prazo de remate posterior á publicación desta addenda que non sexan realizados polo/a alumno/a cualificaranse con 0 puntos, e serán tidos en conta no cálculo da media da Unidade 7. Os traballos anteriores sen realizar non serán cualificados, polo que non afectarán á devandita media. Consideraranse realizados aqueles traballos que conten cun rexistro de entrega na Aula Virtual e na plataforma *Kahoot*, empregada para vehiculizar algúns deles. Nas probas realizadas coa plataforma *Kahoot*, e naquelas tipo test ou de respostas pechadas, a cualificación calcularase dividindo o número de respostas correctas entre a décima parte do total de preguntas do exercicio. Nas probas de respostas abertas a cualificación será asignada polo profesor tendo como referencia os indicadores de logro detallados para cada unidade no Anexo I.
EXERCICIOS SOBRE OS INDICADORES DE LOGRO	- EXERCICIO ESCRITO: Os exercicios publicados na Aula Virtual, que exclusivamente repasarán ou ampliarán as aprendizaxes abordadas nas 2 primeiras avaliacións, serán valorados de 1 a 10 sempre que sexan completados polo/a alumno/a no prazo establecido. Os exercicios con prazo de remate posterior á publicación desta addenda que non sexan completados polo/a alumno/a cualificaranse con 0 puntos, e serán tidos en conta no cálculo da media da Unidade 7. Os exercicios anteriores sen completar non serán cualificados, polo que non afectarán á devandita media. Consideraranse completados aqueles exercicios que conten cun rexistro de participación na Aula Virtual e na plataforma *Kahoot*, empregada para vehiculizar algúns deles. Nas probas realizadas coa plataforma *Kahoot*, e naquelas tipo test ou de respostas pechadas, a cualificación calcularase dividindo o número de respostas correctas entre a décima parte do total de preguntas do exercicio. Nas probas de respostas abertas a cualificación será asignada polo profesor tendo como referencia os indicadores de logro detallados para cada unidade no Anexo I.
PROBA ESPECÍFICA SOBRE OS INDICADORES DE LOGRO	- PROBA ESCRITA: O alumnado poderá ser convocado a través da Aula Virtual cunha antelación superior aos 7 días para unha proba escrita telemática, que terá como referencia os indicadores de logro da Unidade 7 e da Unidade 9 do Anexo I. Terá unha duración limitada (especificada no encabezamento do exame) e indicarase a valoración de cada unha das preguntas de tal xeito que a proba terá unha puntuación total de 10. O exame será realizado a través da Aula Virtual do centro, podendo conter exercicios tipo test ou preguntas de resposta pechada ou aberta. A proba escrita poderá ser seguida polo profesorado a través da plataforma *Cisco Webex Meetings* da Consellaría de Educación.

3.2. Cualificación final

A cualificación final da convocatoria ordinaria de xuño será a media da primeira e segunda avaliacións (en adiante, MEDIA), sumándolle polo traballo realizado dende a suspensión das clases presenciais ata 1 punto (en adiante, ENGADIDO) e arredondando o resultado á unidade máis próxima.

ANOTACIÓNS:

- **a).** Para o cálculo da MEDIA terase en conta a cualificación de cada avaliación que obra no departamento -con precisión ata a centésima- e non a do boletín, que só ten precisión ata a unidade.

- **b).** O alumnado que obtivera na proba que avalía os indicadores da Unidade 1 e/ou da Unidade 4 unha cualificación inferior a 3 puntos -establecidos como mínimo na programación do 24 de setembro do 2019-, verá diminuída en 1 punto a MEDIA.

- **c).** Para o cálculo do ENGADIDO acharase a media da cualificación obtida nas probas que avalían os indicadores da Unidade 7 e os da Unidade 9 (que se detallan no Anexo I), dividíndoa entre 10. Se se realizara unha proba escrita, a cualificación deste exame pesaría un 40% e a media anteriormente referida o 60%.

- **d).** A cualificación correspondente aos indicadores da Unidade 7 obterase da media das notas obtidas en tódolos traballos ou exercicios realizados polo/a alumno/a. Os traballos e exercicios con prazo de remate posterior á publicación desta addenda que non sexan realizados cualificaranse con 0 puntos, e serán tidos en conta no cálculo da media da Unidade 7. Os traballos e exercicios anteriores sen realizar non afectarán á devandita media.

- **e).** A cualificación correspondente aos indicadores da Unidade 9, de carácter actitudinal, obterase de dividir entre 10 a porcentaxe de traballos e exercicios realizados respecto do total publicado na Aula Virtual dende a suspensión das clases presenciais.

- **f).** Se fora preciso consignar unha cualificación para a 3ª avaliación, esta sería idéntica á correspondente á avaliación final da convocatoria ordinaria.

3.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado con cualificación inferior a 5 na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades educativas; senón sería substituída por unha proba telemática) en setembro. Nesa proba entrarían os estándares de aprendizaxe e indicadores de logro da Unidade 7 (detallados no Anexo I).

3.4. Alumnado de materia pendente

Non hai ningún alumno ou alumna con materias pendentes neste departamento.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E, NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

4.1. Actividades

4.1.1. Actividades de repaso e de ampliación

Tódalas actividades que se publiquen na Aula Virtual terán como obxecto o repaso e, de ser procedente, a ampliación das aprendizaxes abordadas durante a 1ª e a 2ª avaliacións.

4.1.2. Actividades de reforzo e recuperación

Para o alumnado que ten algunha das dúas primeiras avaliacións do curso suspensa publicaranse na Aula Virtual actividades de recuperación, que serán lles explícitamente identificadas como tales. Estas tarefas terán como referencia os estándares e indicadores de logro detallados na Unidade 7 do Anexo I, e permitirán a ese alumnado a recuperación da/s avaliación/s suspensa/s. Para que esta sexa efectiva, o/a alumno/a deberá obter como mínimo 4,50 puntos de media na avaliación das actividades propostas baixo o epígrafe "Actividade de recuperación", valorándose de 1 a 10 puntos todas aquelas nas que participe dentro do prazo establecido, e con 0 puntos aquelas nas que non o faga.

4.2. Metodoloxía

Partindo de que todo o alumnado dispón de ordenador con conexión a internet -o centro entregou equipos co conexión ao alumnado que carecía deles- a metodoloxía é a de traballar a distancia seguindo o ritmo marcado polo profesor. O traballo será realizado a través da Aula Virtual do centro e o alumnado poderá preguntar dúbidas a través desa mesma plataforma.
.
Poderá empregarse, de considerarse necesario, a ferramenta *Cisco Webex Meetings*. Porén, dado que esta non convirte en viable o traballo práctico na materia; que o resto de contidos poden ser abordados a través da Aula Virtual; e que precisa dunha boa conexión a internet, cun consumo de datos moi elevado, empregarase de forma excepcional, sendo a Aula Virtual o marco predeterminado no que se desenvolverá o traballo.

4.2. Materiais

Para poder realizar as actividades son necesarios:

- Ordenador (ou, no seu defecto, teléfono móbil) con navegador *web* e conexión á Internet.
- Para unha mellor audición, altofalantes de tamaño medio-grande ou, no seu defecto, auriculares o máis abertos posible (que deberán ser empregados sempre a un volume moderado).

Addenda aprobada o día 11 de maio do 2020

Asdo: Óscar Trigo Abraira
Xefe do Departamento de Música